



Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

Expediente núm.: 35/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 16/01/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A CONVOCATORIA E AS BASES

Á vista dos seguintes antecedentes:

A Deputación Provincial de Pontevedra aprobou a concesión dunha axuda ao Concello de Mondariz Balneario correspondente á liña 3 (Activación do emprego), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3).

A través deste programa subvencionarase a contratación de persoas desempregadas, por parte dos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, tendo en conta os seguintes requisitos:

- Que sexan prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.
- Que favorezan na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.
- Que sexan prestados ou executados no ámbito municipal.
- Que respondan a necesidades de persoal urxentes e inaprazables; é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- Que esas necesidades lles afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza; tamén as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno.

Documento	Data/Núm.
Proposta do Xefe de Persoal/do Servizo	19/02/2024
Providencia de Alcaldía	19/02/2024
Informe de Secretaría	19/02/2024
Bases Xerais da Convocatoria	19/02/2024
Informe de Fiscalización Fase «A»	22/02/2024

Características da praza obxecto da convocatoria:

- **1 PEÓN DE CONSTRUCCIÓN**
- Dende o 15 de Marzo de 2024 ata o 14 de Setembro de 2024.
- Xornada laboral de 30 horas semanais.
-

PEON CONSTRUCCIÓN

Salario peón construción bruto:	-	-	907,20 €
Parte Proporcional pagas extra:	-	-	151,20 €
Seguridade Social e cota patronal:	-	-	406,21€





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

TOTAL CUSTO MENSUAL: - 1464,61€

- **3 PEÓNS FORESTAIS**
- Dende o 15 de Marzo de 2024 ata o 14 de Setembro de 2024.
- Xornada laboral de 30 horas semanais.

PEON FORESTAL	-	
Salario peón forestal bruto:	-	907,20€
Parte Proporcional pagas extra:	-	151,20 €
Seguridade Social e cota patronal:	-	373,40 €
TOTAL CUSTO MENSUAL:	-	1431,80 €

- **1 PEÓN DE XARDINERÍA**
- Dende o 15 de Marzo de 2024 ata o 14 de Setembro de 2024.
- Xornada laboral de 30 horas semanais.

PEON XARDINERÍA	-	
Salario peón xardinería bruto:	-	907,20 €
Parte Proporcional pagas extra:	-	151,20 €
Seguridade Social e cota patronal:	-	373,40 €
TOTAL CUSTO MENSUAL:	-	1431,80 €

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a correspondente oferta de emprego das prazas antes mencionada, tendo en conta que só poderán optar a ela os candidatos que previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida ó Servizo Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Traballo e Benestar.

SEGUNDO. Aprobar as seguintes bases para a contratación temporal antes referida.

“BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DENTRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3).

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA. É obxecto da presente convocatoria a provisión, en réxime temporal, polo prazo de 6 meses, do persoal relacionado:

- **1 PEÓN DE CONSTRUCCIÓN**
- Dende o 15 de Marzo de 2024 ata o 14 de Setembro de 2024.
- Xornada laboral de 30 horas semanais.

PEON CONSTRUCCIÓN	-	
Salario peón construción bruto:	-	907,20 €
Parte Proporcional pagas extra:	-	151,20 €
Seguridade Social e cota patronal:	-	406,21€





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

TOTAL CUSTO MENSUAL: - 1464,61€

- **3 PEÓNS FORESTAIS**
- Dende o 15 de Marzo de 2024 ata o 14 de Setembro de 2024.
- Xornada laboral de 30 horas semanais.

PEON FORESTAL	-	
Salario peón forestal bruto:	-	907,20€
Parte Proporcional pagas extra:	-	151,20 €
Seguridade Social e cota patronal:	-	373,40 €
TOTAL CUSTO MENSUAL:	-	1431,80 €

- **1 PEÓN DE XARDINERÍA**
- Dende o 15 de Marzo de 2024 ata o 14 de Setembro de 2024.
- Xornada laboral de 30 horas semanais.

PEON XARDINERÍA	-	
Salario peón xardinería bruto:	-	907,20 €
Parte Proporcional pagas extra:	-	151,20 €
Seguridade Social e cota patronal:	-	373,40 €
TOTAL CUSTO MENSUAL:	-	1431,80 €

A xornada laboral será de luns a domingos, en horario variable e cos descansos que establece a lei, en función das necesidades do servizo.

2ª.- CONVOCATORIA.- A contratación efectuarase previa oferta xenérica de emprego efectuada a través da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia de Ponteareas.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

3.1.-Requisitos dos solicitantes:

- a) Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que a cidadanía española a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar desempleado/a e inscrito/a como demandante de emprego, non ocupado, no Servizo Público de emprego de Galicia e estar dispoñible para o emprego, tanto no momento da selección, como no da formalización do contrato.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que inhabilite para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Aquelas persoas que superen o proceso selectivo, quedarán sometidas ao réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/1984 e demais disposicións ao efecto.

4º.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS ASPIRANTES.- Os aspirantes de acordo coa normativa que regula este tipo de axudas serán preseleccionados pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia de Ponteareas sendo citados por esta para a súa presentación no Concello de Mondariz Balneario. Unha vez preseleccionados pola Oficina de Emprego poderán solicitar participar no proceso selectivo presentando instancia que se xunta a estas bases. **O prazo de presentación das solicitudes rematará o día 5 de Marzo, ás 14:00.**

5ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido nas Bases Reguladoras do Plan Máis Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3) , publicadas no BOPPO Nº 2, de 03/01/2024.

6ª.- COMISIÓN SELECCIONADORA

A Comisión Seleccionadora estará integrada por persoal da administración pública e será nomeada por Resolución da Alcaldía.

A comisión estará integrada por presidente/a e tres vogais. Actuará de secretario, unicamente a efectos de dar fe do acto, sen voz e sen voto, un traballador do concello.

- Presidente: Severino Pérez Melón
 - Suplente: María José López Rodríguez
- Vogais:





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

- o María Macrina Rodríguez Prieto
- o José Luis Canabal Liñares
- o María Posada Lorenzo

Suplentes:

- Daniel Lage Rey
 - Gema Fernández Pita
 - Noelia Rodríguez Castro
- Secretaria: Romina Velasco Groba
 - Suplente: Lourdes Fernández Pérez

7ª.- SELECCIÓN.- O tribunal reunirse o mércores 6 de marzo de 2024, ás 9:00 e realizará a valoración dos méritos alegados polos aspirantes determinando a puntuación que lle corresponda de acordo co seguinte baremo de méritos:

Con carácter xeral, os traballadores e traballadoras desempregados/as beneficiarios/as destas contratacións que non participaran no ano anterior neste tipo de programas terán preferencia absoluta sobre os que si participaron, valorando as súas solicitudes en primeiro lugar.

A) Circunstancias persoais, máximo 7,5 puntos:

O baremo de puntuacións será o seguinte:

1-Vítimas de violencia de xénero: 1 punto

(Acreditarase con copia da sentenza xudicial ou informe emitido polos Servizos Sociais.)

2-Persoas candidatas maiores de 45 anos ou aquelas que acrediten unha diversidade funcional superior ao 33%: 1,5 puntos.

(Acreditarase con fotocopia do DNI e fotocopia do certificado oficial que acredite a diversidade funcional, no seu caso)

3- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos ao seu cargo. MAX 2 PUNTO:

Cada fillo + 0,5 puntos.

(Acreditarase achegando fotocopias do libro de familia, xustificante de convivencia expedido polo concello de procedencia e de calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades).

4- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa (UNIDADE FAMILIAR): Puntuación máxima:





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

1,5 puntos:

- a) Non titulares de rendas: 1,5 puntos.
- b) Titulares da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), perceptores de RAI, PREPARA ou similares: 0,75 puntos.
- c) Titulares de rendas que non superen a contía máxima do 50% do IPREM vixente: 1,5 puntos. Entre o 50% e o 100% 0,75 puntos.

(Acreditarase coa resolución ou informe emitidos polo organismo correspondente; co certificado positivo/negativo de prestacións e/ou co certificado da Axencia Tributaria de información relativa a rendas/rendementos imputables polo IRPF correspondente ao ano 2022).

5- As persoas candidatas con cargas familiares: MÁX 2 puntos

CARGAS FAMILIARES EN 1.º GRAO DE PARENTESCO PUNTUACIÓN

- a) Por cónxuxe ou parella de feito, fillo/a menor de 26 anos e menores en acollemento sen diversidade funcional. 0,25 puntos.
- b) Por cada fillo/a con diversidade funcional igual ou superior ao 33% ou persoas maiores incapacitadas. 0,75 puntos.
- c) Por título de familia numerosa, 1 punto.

(Acreditarase coas fotocopias do libro de familia onde consten os pais e os fillos e as fillas, certificado de convivencia, resolución do acollemento, xustificante de que o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas as menores de 26 anos ou maiores con diversidade funcional, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento non perciben ningunha retribución e calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades ademais a diversidade funcional deberá xustificarse achegando fotocopia do certificado que a acredite.)

Para os efectos de acreditar a convivencia tomarase como referencia a data da resolución pola que se aproban as bases reguladoras deste proceso selectivo.

(* No caso de puntuar no punto 3, solamente se collerá o criterio no que se obteña maior puntuación entre o 3 e o 5.

6-Persoas paradas de longa duración (1 ano): 1 punto.

B) Experiencia profesional, Máximo 1,5 puntos:

- 1. Por cada trimestre completo de servizo prestado na administración local en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,25 puntos.
- 2. Por cada trimestre completo de servizo prestado noutras Administracións Públicas, en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,15 puntos.
- 3. Por cada trimestre completo de servizo prestado na empresa privada en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,25 puntos.





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

C) **Formación, Máximo 1 punto:**

- Pola participación, nos últimos dez anos, en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración Pública, incluídos os organizados por sindicatos, entidades sen ánimo de lucro e organizacións empresariais no marco dos Acordos Nacionais ou Autonómicos de Formación Continua e sempre que, a xuízo do tribunal, teñan relación coas funcións propias do posto:
- •Cursos de duración de 20 a 49 horas: 0,10 puntos por curso.
- •Cursos de duración de 50 a 99 horas : 0,20 puntos por curso.
- •Cursos de duración de 100 a 250 horas : 0,30 puntos por curso.
- •Cursos de máis de 250 horas: 0,50 puntos por curso.

D) **PROBA PRÁCTICA:**

Así mesmo, se o tribunal o considera necesario para a adecuada valoración dos aspirantes, poderá realizarse unha proba práctica ós candidatos para determinar o grado de coñecemento das funcións a desenvolver. A proba valoraríase, neste caso, como acta ou non acta.

De establecerse, sería necesaria a superación desta proba para optar a contratación.

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración das circunstancias persoais e a proba práctica, serán propostos para as prazas. No caso de que haxa que dirimir un empate para unha praza terán preferencia por este orde:

- 1-Persoas en desemprego de longa duración.
- 2-Mulleres con baixa cualificación.
- 3-Persoas candidatas maiores de 45 anos.
- 4-Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación.
- 5-Persoal que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten dificultades de acceso ao mercado de traballo.
- 6-Vitimas de violencia de xénero.
- 7-Persoas candidatas que formen unha familia monoparental ao seu cargo.
- 8- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como posterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web.

Todas as persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de (1) un día hábil, desde o día seguinte á





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

publicación deste anuncio, para efectuar as reclamacións ou observacións oportunas contra a mencionada lista. Tras resolver, no seu caso, as reclamacións, o órgano de selección elevará á Alcaldía, xunto coa acta da sesión, a proposta definitiva, por orde de puntuación, para que formalice os correspondentes contratos de traballo temporais e elaborará unha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia das persoas seleccionadas.

Os/as aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, 3 días hábiles, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os/as que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados/as, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

8º. LISTA DE RESERVA

1.- Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha lista de reserva, cunha validez de 6 meses dende o inicio do servizo, integrada polos candidatos/as que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

2.- No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederáase a presentar nova oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia.

9º.- INCIDENCIAS

A aprobación das Bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recurridos nos casos e na forma prevista pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o non previsto nestas Bases e naquilo que as contradigan, serán de aplicación a Lei, 7/85 do 2 de abril, o R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o R.D. 896/1991 do 7 de xuño, e demais normas de aplicación.





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

O alcalde.

César Gil Bernárdez.





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

ANEXO SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO "PLAN MÁIS PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)"

DECLARACIÓN RESPONSABLE

IDENTIFICACIÓN:

NOME:	APELIDOS:	
N.I.F.:	DIRECCIÓN:	
MUNICIPIO:	PROVINCIA:	C.P.
DATA DE NACEMENTO:	TEL:	Correo electrónico:

DECLARACIÓN:

O/A que abaixo asina solicita ser admitido/a no proceso selectivo para a contratación de(INDICAR POSTO) (contratación laboral temporal por espazo de seis meses) para o Concello Mondariz Balneario, a que se refire a presente instancia e DECLARA:

1.- Que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Mondariz Balneario e as especialmente sinaladas na convocatoria.

2.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do Servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

3.- Estar en posesión do título de:

.....
.....

1.- Que é vítima de violencia de xénero	Sí <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
2.- Que é maior de 45 anos ou con discapacidade superior a 33%.	Sí <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
2. Que forma unha familia monoparental con fillas/os ó seu cargo.	Sí <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
4.- Que o nivel de renda da unidade familiar (que inclúe cónxuxe, ou parella de feito, fillos e filias	a) Non titulares de rendas: <input type="checkbox"/> b) Titulares da Renda de Integración	





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

A persoa abaixo asinante COMPROMÉTESE a xustificar coa documentación acreditativa correspondente, os puntos sinalados na súa declaración. Así mesmo, AUTORIZA ao Concello de Mondariz Balneario a recabar dos organismos competentes a información necesaria para poder acreditar as condicións declaradas. Si o Concello non puideran recabar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa aportación.

NOTA: A autorización concedida pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido a este concello.

E para que así conste ante o Concello de Mondariz Balneario asina a presente declaración - solicitude.

En Mondariz Balneario, a de de 2024.

Asina o/a declarante

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

PROTECCIÓN DE DATOS:	
	<input type="checkbox"/> Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.
Responsable	Concello de Mondariz Balneario
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Os datos cederanse a outras administracións públicas. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Cod. Validación: 4CGGD0MXEGN65A3HFMFYRZD92R
 Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 14





Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.mondarizbalneario.es

Documento asinado electronicamente por César Gil Bernárdez, alcalde-presidente, e por Jorge Madrazo Justo por Resolución da D.X de Administración Pública do 13/02/2024, secretario-interventor, aos efectos do artigo 2 do RD 128/2018.

